



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Linguaxe. Discurso e Comunicación	Código	613G03034	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	CastelánGalegoInglésPortugués			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Morales Lopez, Esperanza	Correo electrónico	e.morales.lopez@udc.es	
Profesorado	Morales Lopez, Esperanza	Correo electrónico	e.morales.lopez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Introdución ao estudo da comunicación humana a meio das linguas nos seus aspectos cognitivo, pragmático e discursivo, e como práctica interaccional e social.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Comprender a comunicación a meio da linguaxe como capacidade e práctica humana e social, tanto no común como na sua diversidade.	A1	B8	
	A3		
Familiarizarse coas principais nocións sobre fenómenos da comunicación e do discurso.	A3	B5	
Familiarizarse cos métodos e técnicas de recollida, descrición e interpretación de datos da comunicación e do discurso.	A1		
Utilizar recursos bibliográficos, bases de datos e ferramentas de busca de materiais sobre o discurso oral.		B1	C3

Contidos	
Temas	Subtemas
Introdución. A capacidade humana da linguaxe e a comunicación.	Algunhas propiedades da linguaxe. Retroalimentación, reflexividade, prevaricación, deslocamento... Os canais da comunicación humana: a "multimodalidade".
Comunicación, información e significación.	Modelos da comunicación. Intención, interpretación e contexto. O "deseño deíctico"; das linguas naturais. A déixis e os seus tipos. A contextualización. Indicios de contextualización.
A interacción.	Conversa, texto, discurso. A interacción como práctica social. As metas comunicativas. Normas, regras e expectativas. A competencia comunicativa. O repertorio comunicativo. A estrutura da conversa cotiá.
A distancia social.	Participantes e papeis comunicativos. As identidades sociais. A imaxe e as formas da cortesía verbal.
Dicir e querer dicir.	Significado literal e significados indirectos. Oración e proposición. A cooperación conversacional e as implicaturas. A inferencia. A relevancia. Recursos estilísticos.
Facer cousas con palabras.	Os actos de fala. Tipos de actos ilocucionarios. Os actos de fala indirectos. A convencionalización da indirección.
Xéneros e tipos de discurso.	A caracterización dos xéneros. Formalidade e informalidade. Discurso espontáneo e planificado. Aplicacións do estudo da comunicación.

Planificación
---------------



Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	14	14	28
Lecturas	0	25	25
Proba mixta	2.5	20	22.5
Traballos tutelados	0	20	20
Sesión maxistral	15	0	15
Atención personalizada	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Por "obradoiro" enténdese a sesión interactiva fundamentalmente participativa. Pode incluír discusión aberta ou dirixida das lecturas, traballo en grupo, debate e posta en común, resolución de problemas ou preguntas, pesquisa de material, etc.
Lecturas	Lectura e estudo obrigatorio de materiais específicos (artigos ou capítulos de libros) disponibilizado polo profesor. As lecturas deberán facerse, como será indicado, antes da sesión na cal se tratarán os seus contidos. Os contidos das lecturas entrarán nas sesións expositivas e, sobre todo, nas interactivas, onde o estudantado deberá de mostrar o traballo feito sobre elas e buscar aclaración dos aspectos dúbidosos ou non comprendidos. Na base dalgunha das leituras deberá realizarse un informe detallado avaliábel, segundo un formato indicado polo profesor (guión, resumo, puntos destacábeis, etc.).
Proba mixta	Proba teórico-práctica sobre todo o material do curso, incluíndo lecturas, sesións expositivas e interactivas, materiais audiovisuais utilizados, debates xerais, posíbeis presentacións, etc.
Traballos tutelados	Por "traballos tutelados" enténdese aquí diversas actividades avaliábeis, algunha(s) das cais poden requirir a guía do profesor. Estas actividades realizaránse fundamentalmente fora das horas presenciais, mais non se exclúe que se poda dedicar tempo das sesións interactivas para traballar nelas, individual ou colectivamente.
Sesión maxistral	Por "sesión maxistral" enténdese a sesión de exposición polo profesor dos principais contidos de cada tema ou apartado. As sesións expositivas non deben ser vistas como substitución do traballo autónomo de lectura e aprendizaxe que debe facer o estudantado. As sesións de exposición inclúen amplo espazo para a formulación de preguntas ou cuestións específicas polo estudantado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Lecturas Proba mixta Traballos tutelados	A atención individualizada inclúe a consulta personalizada sobre calquer aspecto ou contido do curso.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Obradoiro	Reférese ao cómputo da asistencia obrigatoria ás sesións interactivas, e á participación activa nelas.	5
Lecturas	Reférese ao seguimento do traballo de lectura, como se mostra nas actividades interactivas das aulas, e, nomeadamente, na elaboración dun informe detallado dunha lectura asignada.	15
Proba mixta	Reférese á nota obtida na proba final obrigatoria.	45
Traballos tutelados	Reférese á avaliación de actividades avaliábeis que podan requirir a axuda do profesor. Todas as actividades deberán ser de elaboración propia e orixinal. A copia ou plaxio determinará que a actividade se considere non válida e polo tanto cualificábel com o valor de 0.	30
Sesión maxistral	Reférese ao cómputo da asistencia obrigatoria ás sesións xerais de exposición, e á formulación de preguntas específicas sobre a temática, preparada de antemán polo estudantado.	5



## Observacións avaliación

- 1) A asistencia ás sesións presenciais de calquer tipo é obrigatoria e avaliábel.
- 2) A participación activa compútase dentro do apartado da asistencia.
- 3) Haberá dúas probas mixtas.
- 4) Para o cálculo da nota final (e portanto para o curso poder ser completado e superado), a/o estudante deberá obter polo menos unha nota de&nbsp;5 na proba final.
- 6) Na segunda oportunidade de xullo, no período establecido pola UDC, poderá recuperarse o exame (non efectuado, ou suspenso) e/ou o capítulo das actividades. O profesorado indicará no seu momento as actividades substitutivas de recuperación que deberán ser realizadas.
- 8) Dado o carácter mixto e comprensivo da avaliación (asistencia, actividades e proba final), consideraráse "Non presentado": a) non asistir á proba final en nengunha das oportunidades; E, simultaneamente, b) non ter entregado actividades por polo menos a metade da percentaxe asignada ao apartado de actividades. En sentido contrario, a entrega de actividades avaliábeis cuxo peso supere a metade da percentaxe do apartado (por exemplo, 2 actividades sobre 3) determinará automaticamente a asignación dunha nota final, a pesar da inasistencia á(s) proba(s).

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tusón Vall, A. (1997). Análisis de la conversación. Barcelona: Ariel</li> <li>- Brown, G. y Yule, G. (1993). Análisis del discurso. Madrid: Visor</li> <li>- Austin, John (1962). Cómo hacer cosas con palabras. Buenos Aires: Paidós</li> <li>- Reyes, G. (2002). El abecé de la pragmática. Madrid: Arco Libros</li> <li>- Morales López, E. (2011). Hacia dónde va el Análisis del Discurso. Tonos Digital</li> <li>- Escandell Vidal, V. (2003). Introducción a la Pragmática. Barcelona: Ariel</li> <li>- Escandell Vidal, V. (2005). La comunicación. Madrid: Gredos</li> <li>- Morales López, E. (2004). Las aproximaciones americanas al análisis del discurso oral: perspectivas de futuro. Pujante, D. (ed.) Caminos de la Semiótica en la última década del siglo XX. Univ. Valladolid</li> <li>- Verschueren, J. (2002 [1998]). Para entender la Pragmática. Madrid: Gredos</li> <li>- Lenvinson, St. (1993). Pragmática. Madrid: Teide</li> <li>- Mey, J. (2001). Pragmatics: An introduction. Oxford: Blackwell</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Lingua Galega e Usos/613G03045

### Materias que continúan o temario

Lingüística Xeral/613G03004

Tecnoloxías da Información e da Comunicación/613G03007

## Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías